

25 DE NOVEMBRO, DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER. CATRO CRÍTICAS AO CONCEPTO *VIOLENCIA CONTRA A MULLER*, PARA SEGUIRMOS AVANZANDO

Sheila Fernández Miguez*

Resumo: O presente artigo realiza un percorrido pola historia, a ideoloxía e as consecuencias do concepto *violencia contra a muller*, consagrado a partires da Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, Resolución da Asemblea Xeral 48/104, de Nacións Unidas, do 20 de decembro de 1993.

Palabras chave: xénero, violencia machista, 25 de novembro, dereitos humanos.

Sumario: I. Orixe da data; II. Cómo se chega, e qué se , en dereito internacional por *violencia contra a muller*?; III. Catro críticas ao 25 de novembro para seguirmos avanzando; IV. Conclusións; V. Bibliografía.

I. Orixe da data.

O 25 de novembro de 1960, Minerva, María Teresa e Patricia Mercedes Mirabal, son torturadas e asasinadas en República Dominicana. O motivo, ser loitadoras sociais e políticas pola liberdade e a democracia contra a ditadura de Rafael Trujillo (1930-1961). Este feito coñeceuse como “o asasinato das irmáns Mirabal”. Para a súa homenaxe, e como conmemoración de esta data e brutal suceso, no marco do I Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe, celebrado en 1981 na cidade de Bogotá en Colombia, decídese fixar o *Día Internacional de Loita a favor da Non Violencia contra a Muller* no 25 de Novembro (Gamba, 2014). Poren, non será ata o 17 de decembro de 1999, cando as Nacións Unidas (en diante NNUU), a través da resolución 54/134 da Asemblea Xeral, declare no seu punto primeiro, o 25 de Novembro *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*¹.

* Avogada pertencente ao Colexio de Avogados de Vigo, integrante da Comisión de Dereitos Humanos da Agrupación de Avogados Novos de Vigo. Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña, Mestrado en Menores en Situación Desprotección e conflito Social pola Universidade de Vigo, asesora do Consejo Independiente de Protección de la Infancia, Integrante do grupo de investigación Estudios en Género e Identidad da Universidade Autónoma de Chile e doutoranda na Universidad Autónoma de Chile e da Coruña no programa de Dereito Penal. Email, s.fernandez@uautonoma.cl

–modificando o nome orixinal que o feminismo tiña escollido-. En dita resolución, no seu punto segundo e último, convidase aos diferentes gobernos, organizacións internacionais e a organizacións non gobernamentais para que organicen en esta data actividades dirixidas a sensibilizar a opinión pública respecto do problema da *violencia contra a muller*.

Agora que xa coñecemos a orixe do 25 de novembro, temos que saber as consecuencias da conceptualización da *violencia contra as mulleres* que se fai desde Nacións Unidas.

II. Como se chega, e qué se entende, en dereito internacional por *violencia contra a muller*?

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Resolución 217 (III), de 10 de decembro de 1949 das Nacións Unidas (en diante DUDH), está redactada de forma pouco clara para referirse aos suxeitos que a mesma protexe, vacilando entre o xénero masculino e o neutro². A pesar disto, non hai razón xurídica para concluír que a súa protección deba limitarse so aos homes (Palacios Zuloaga, 2011: 8). Poren, os estados non recolleron como suxeitos de protección as “mulleres³” nin os “xéneros minorizados⁴”, como consecuencia de isto, prodúcense “violacións de dereitos humanos” que non están debidamente protexidas. Esta situación determina o nacemento de un forte movemento feminista, que se pregunta, **as mulleres somos seres humanos?**⁵ E deciden intervir no eido xurídico porque considera que o dereito expresa, constrúe e reforza relación de poder sexuadas; e que o compromiso e tarefa feminista consiste en alterar ese sistema de poder nas relacións entre os xéneros, analizando o papel que xoga o dereito na construción e/ou mantemento das discriminacións, e o que xoga ou podería xogar na alteración das relacións de poder (Miquel Acosta, 2009). A súa loita é pola

¹ Para máis información recomendase consúltese a [resolución 54/134](#), de 17 de decembro de 1999, da Asamblea Xeral das Nacións Unidas.

² A maiores temos que ter en consideración as particularidades de xénero das linguas oficiais as que foi traducida a Declaración Universal. (Palacios Zuloaga, 2011: 14).

³ Empregamos o termo mulleres, porque non existe una única muller, entendemos que a construción do discurso feminista, e xurídico feminista en torno ao “a muller” en singular está reducindo e baleirado de contido, e constitúe unha fórmula máis de desactivar as múltiples reivindicacións sobre os dereitos. (Galindo, 2014: 33). No mundo existe “mulleres” en plural é necesario visibilizalas. Os discursos en singular son orixinarios do feminismo eurocéntrico, que teñen como suxeito central a muller branca socialmente acomodada.

⁴ Con xéneros minorizados referímonos a todas aquelas persoas que non encaixan no binomio sexo-xénero, nin entran dentro das categorías heteronormativas nin normativizadas. Existindo unha tendencia a invisibilización e minoración por parte das decisións lexislativas, cando non, a unha patoloxización ou criminalización. En este sentido presentamos as diferentes categorías que a ONU recoñece na actualidade e que se resumen nas siglas LGBTTTI, que fan referencia a lesbianas, gay, bisexuais, transexuais, travestis, tranxénero e interxénero. O uso de estes termos aínda non é consensual no dereito internacional, así a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) pertencente a la Organización de Estados Americano (OEA), decantase polo uso de LGTBI, facendo referencia aos dereitos das lesbianas, os gays, as persoas transexuais, bisexuais e intersexuais. A categoría queer é empregada polos movementos e agrupacións de defensa dos dereitos da diversidade sexual, este último concepto englobaría tamén as persoas pansexuais. O corpo queer define se por non definirse, a súa meta é estar sempre reinventándose segundo os seus propios conceptos de pracer, identidade e prácticas sexuais. Esta é una loita identitaria con fortes compoñentes políticos e unha decisión de non entrar dentro do sistema, como intentaría facer o corpo gay. (Kantor, 2003).

⁵ En este sentido ver Mackinnon, C. (2006). *Are women human? and other international dialogues*. Belknap: Harvard.

igualdade real e formal, e demandan a construción de novos instrumentos xurídicos útiles, que se fagan cargo da discriminación e da «violencia baseada no machismo⁶».

Avanzamos en este sentido que so desde 1993 as mulleres somos titulares de Dereitos Humanos, e dicir, desde fai 21 anos. A pregunta que nos facemos é, por qué as mulleres somos consideradas suxeitos de dereitos humanos 45 anos despois da Declaración Universal dos Dereitos Humanos? A resposta explicase, partindo de cómo é construído o dereito internacional, en cuxa base atópase a convención e a costume. Este dereito que é creado por representantes dos estados, estados que estaban (están) organizados de forma que as mulleres eran (son) excluídas das institucións de poder, -temos que ter presente, que ser muller non implica defender políticas igualitarias ou perspectiva de xénero-. Hai que ter en conta tamén, que os intereses que defenden os estados no ámbito internacional tende a ser o predominante no ámbito interno, é dicir, os intereses que reafirma o punto de vista masculino (Palacios Zuloaga, 2011: 8).

Artigo 8 DUDH⁷. Toda persoa ten dereito a un recurso efectivo, ante os tribunais nacionais competentes, que a ampare contra os actos que violen os seus dereitos fundamentais recoñecidos pola constitución ou pola lei.

Cando falamos de tortura, violencia machista ou escravitude sexual non existen razóns xurídicas para non aplicar o artigo 8 da CUDH, mas os diferentes estados, foron reticentes a entender que as mulleres e os xéneros minorizados, estaban incluídos dentro de estas disposicións legais de protección, contidas na Declaración de Dereitos Humanos en outros instrumentos. Ata o punto, de que as violacións e o uso do corpo da muller como arma de guerra non constituía crimes de lesa humanidade, isto ate 1993, era considerado unha desafortunada realidade dos conflitos armados que era cometida por todos os sectores participantes na guerra (Escobar Rivera & Jarpa Silva, 2013: 11), sendo esta unha **das consecuencias máis graves da non aplicación dos dereitos humanos as mulleres**. O reino de España non foi unha excepción, e negou o acceso das mulleres a estos dereitos, mesmo interpretando o artigo 8 DUDH a luz do artigo 10 da Constitución española⁸ (en diante CE) que recolle os dereitos inviolábeis e inherentes as persoas, nos as mulleres, non eramos suxeitos de dereitos fundamentais. Como consecuencia do anterior, creáronse instrumentos específicos de tutela fronte a discriminación

⁶ Advertimos, que este concepto é unha aposta propia, que na actualidade non aparece recollido en ningún instrumento xurídico nin internacional nin estatal. Todas as definicións xurídicas que atopamos nas diferentes regulacións, na nosa opinión reducen e minimizan a dimensión do problema de violencia, e recollen nomenclaturas eufemísticas, como exemplo de isto sinalamos: violencia contra a muller ou violencia de xénero. Para o presente artigo, entendemos por violencia baseada no machismo ou violencia machista, aquela que ten a súa orixe na desigualdade. O machismo consiste na discriminación baseada na creanza de que os homes son superiores. Esta creanza ou ideoloxía, é a que sustenta a forma de organización política, económica, relixiosa e social, con base na idea de autoridade e do home como líder, que se coñece como sistema patriarcal ou patriarcado. Ao respecto *vid.* Gil de San Vicente, I. (2012). Capitalismo y emancipación nacional y social de género. *Matxingune taldea*. País Vasco; G. Luna, L. (Diciembre de 2002). Entre discursos y significados. Apuntes sobre el discurso feminista en América Latina. *La manzana de la discordia*(4), 85-98; Lugo, C. (Julio-Agosto de 1985). Machismo y violencia. *Nueva Sociedad*(78), 40-47

⁷ Tradución desde o español realizada pola autora, a versión orixinal pode consultarse na Resolución 217 (III), de 10 de decembro de 1949 das Nacións Unidas, accesíbel en liña en <http://www.un.org/es/documents/udhr/>

⁸ Artigo 10 da Constitución española. 1.- A dignidade da persoa, os dereitos inviolábeis que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto a lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orden político e da paz social. 2.- As normas relativas aos dereitos fundamentais e as liberdades que a Constitución recoñece interpretáronse de conformidade con a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e dos tratados internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

Tradución realizada pola autora.

e violencia machista⁹, mas este é un camiño longo, no que na nosa opinión aínda fica moito por avanzar.

A maquinaria xurídica das Nacións Unidas desde 1946 elabora instrumentos xurídicos relativos a discriminación sobre a muller¹⁰, mas o salto cualitativo non se produce ate o ano 1993, cando son aprobados diferentes instrumentos internacionais que posibilitarán a sanción da violencia machista e o incumprimento dos estados na súa persecución, nas seguintes liñas so nos ocuparemos de dous, a Declaración e Programa Acción Viena, e a Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller.

1. Conferencia Mundial de Dereitos Humanos das Nacións Unidas celebrada en xuño de 1993 en Viena que aproba a Declaración e Programa Acción Viena.

A Declaración e Programa de Acción Viena aprobadas o 25 de xuño de 1993 e elaboradas no marco da Conferencia Mundial de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, celebrada en Viena, evidencia a non aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos aprobada en 1948 a todas as persoas. Na mesma recóllese entre outros o seguinte compromiso¹¹,

5¹².- Todos os seres humanos son universais, indivisibles e interdependentes e están relacionados entre si. A comunidade internacional debe tratar os dereitos humanos de forma global e de maneira xusta e equitativa, en pe de igualdade e dándolles o mesmo peso. Debe terse en conta a importancia das particularidades nacionais e rexionais, así como os diversos patrimonios históricos, culturais e relixiosos, mas **os estados teñen o deber, independentemente dos seus sistemas políticos, económicos e culturais, de promover e protexer a todos os seres humanos e as liberdades fundamentais.**

37¹³.- A igualdade da condición da muller e os seus dereitos humanos deben integrarse nas principais actividades de todo os Sistema das Nacións Unidas. Todos os órganos e mecanismos

⁹ En este sentido vexase, Palacios Zuloaga, P. (2011). *El tratamiento de la violencia de género en la organización de Naciones Unidas*. (A. Trabucco Zerán, Ed.) Santiago de Chile: Universidad de Chile, Facultad de Derecho, Centro de Derechos Humanos. Páx. 18.

¹⁰ Se ven é certo, que as Nacións Unidas antes de 1993 víñase facendo cargo mediante de diferentes instrumentos, da discriminación unicamente cara as mulleres, estes textos non establecía obrigas para os estados, nin se referían expresamente ao problema de violencia, ficando este asunto na esfera privada, na que o estado non interviña. Os Instrumentos previos específicos relevantes en materia antidiscriminatoria das Nacións Unidas, son os seguintes: a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller, criada polo Consello Económico e Social en 1946; a Declaración sobre a Eliminación da Discriminación contra a muller de 1967; a I Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre a muller (México), 1975; a Convención para a Eliminación de todas as formas de discriminación da Muller coñecida polas súas siglas en inglés CEDAW de 1979 –entrou en vigor en España o 4 de febreiro de 1984- o seu Protocolo Facultativo foi aprobado o 10 de decembro de 1999; II Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre a Muller (Copenhague), 1980; Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre a violencia doméstica 1985; III Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre a Muller (Nairobi) 1985; Resolución 1991/18 do Consello Económico e Social, que insta aos estados membros a que reforcen e promulguen medidas legislativas que prohiban a violencia contra a muller ,1991; Recomendación 19^o sobre violencia sobre a muller da CEDAW de 1992, especialmente importante porque é a primeira vez que este organismo elabora un artigo relativo a a violencia contra as mulleres.

¹¹ O texto completo está accesible en, *Declaración y Programa de acción Viena. Aprobados por la Conferencia Mundial de Derechos Humanos de 25 de junio de 1993*. Obtenido de http://www.ohchr.org/Documents/Events/OHCHR20/VDPA_booklet_Spanish.pdf

¹² Os destaques e a tradución desde o español son realizados pola autora, a versión orixinal pode consultarse na Declaración e Programa de Acción Viena aprobadas o 25 de xuño de 1993, accesíbel en liña en http://www.ohchr.org/Documents/Events/OHCHR20/VDPA_booklet_Spanish.pdf

¹³ *Ibidem*.

pertencentes as Nacións Unidas deben tratar estas cuestión de forma periódica e sistemática. (...)

38¹⁴.- **A Conferencia Mundial de Dereitos Humanos subliña en especial a importancia da labor destinada a eliminar a violencia contra a muller na vida pública e privada**, a eliminar todas as formas de acoso sexual, a explotación e a trata de mulleres, a eliminar os prexuízos sexistas na administración da xustiza e erradicar calquera conflito que podan xurdir entre os dereitos da muller e as consecuencias prexudiciais de certas prácticas tradicionais ou costumes, de prexuízos culturais e o extremismo relixioso. **A Conferencia pide a Asemblea Xeral que aprobe un proxecto de declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller** e insta aos Estados a que combatan a violencia contra a muller de conformidade con as disposicións da declaración. **As violacións de dereitos humanos da muller en situacións de conflito armado constitúen violacións dos principios fundamentais dos dereitos humanos e do dereito humanitario internacionais.** Todos os delitos de este tipo, en particular asasinatos, as violacións sistemáticas, a escravitude sexual, e os embarazos forzosos, requiren de unha resposta especialmente eficaz

Este é o momento en que a presión do feminismo logra rachar con a barreira das esferas do público e do privado, ao recoñecerse algo básico é fundamental, os dereitos humanos son tamén dereitos das mulleres, é os dereitos das mulleres son dereitos humanos (Miquel Acosta, 2009), e polo tanto, isto implica un deber dos estados e da comunidade internacional de garantilos, e obriga a intervención dos estados, cousa que antes non facían, amparándose no “relativismo cultural”¹⁵. De non legislar e garantir a protección das vítimas, os estados hoxe poden ser sancionados.

A Declaración e Programa de Acción Viena, non define o que se debe entender *por violencia contra a muller*, a pesar de empregar esta fórmula ata en catro ocasión (parágrafos 38 e 40). Poren é o texto piar sobre os que se sustentará a construción xurídica, contra a violencia machista, que emana das Nacións Unidas, e tamén para os estados, xa que este organismo internacional funciona como referente e está dotado dunha autoridade política innegábel.

2. Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller.

O seguinte paso que se da no interior das Nacións Unidas é a Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, Resolución da Asemblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993¹⁶ (en diante DEVM). Está declaración foi un compromiso fixado no apartado 38 da Declaración e Programa de Acción Viena, froito da coordinación das accións do movemento feminista xurídico e diferentes gobernos, lográndose o recoñecemento da

¹⁴ *Ibidem*.

¹⁵ Para mais información en este sentido, Miquel Acosta, C. (septiembre de 2009). Claves feministas sobre la incorporación del Derecho Internacional de los derechos humanos de las mujeres en España. Madrid, España: Instituto Universitario de Estudios de la Mujer. Facultad de Filosofía y Letras. Universidad Autónoma de Madrid, e G. Luna, L. (2002). Entre discursos y significados. Apuntes sobre el discurso feminista en América Latina. *La manzana de la discordia* (4), 85-98. No artigo citado a autora G. Luna, refírese a consagración dos conceptos de “dereitos reprodutivos e sexuais”, como parte dos dereitos humanos recoñecidos por Nacións Unidas, como un logro conseguido grazas as propostas e as acción feministas (G. Luna, 2002, pág. 96). Está terminoloxía de “dereitos reprodutivos e sexuais” e duramente criticada María Galindo, que defende, que esta terminoloxía é unha substitución eufemística dos conceptos chave da linguaxe feminista, evitándose así falar do dereito ao aborto, e rebaixándose o ton das reivindicacións feministas. que se en textos normativos con eufemismos que baixan o ton das reivindicacións, e o que buscan é que en este caso non se fale do aborto.

¹⁶ Pode consultarse o texto completo en <http://www1.umn.edu/humanrts/instree/spanish/Se4devw.htm>

violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos. Este texto, apórtanos unha definición legal, do que se entenderá a nivel internacional por violencia contra as mulleres no seu artigo primeiro.

Artigo 1 DEVM¹⁷. Aos efectos da presente Declaración, por “violencia contra a muller” entendese todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poda ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto si é producida na vida pública como na vida privada.

Artigo 2 DEVM¹⁸. Entenderase que a violencia contra a muller comprende os seguintes actos, aínda que sen limitarse a eles:

- a) A violencia física, sexual e psicolóxica que se produza na familia, incluídos os malos tratos, o abuso sexual das nenas no fogar, a violencia relacionada con a dote, a violación cometida polo marido, a mutilación xenital feminina e outras prácticas tradicionais nocivas para as mulleres, os actos de violencia perpetrados por outros membros da familia e a violencia relacionada con a explotación;
- b) A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada dentro da comunidade en xeral, inclusive a violación, o abuso sexual, o acoso e a intimidación sexual no traballo, en institucións educacionais e en outros lugares, a trata de mulleres e a prostitución forzada;
- c) A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra

4 DEVM¹⁹. Os estados deben condenar a violencia contra a muller e non invocar ningunha costume, tradición ou consideración relixiosa para eludir a súa obriga de procurar eliminala. Os estados deben aplicar por todos os medios apropiados e sen demora unha política encamiñada a eliminar a violencia contra a muller (...).

Está é a primeira vez que se trata a violencia contra a muller de forma global e vinculante, e reafirmase a prioridade que este problema estrutural, debe ter para os estados. Esta Declaración marca tamén un cambio na tendencia de concepción do problema, pasando de un simples repudio de forma xeneralizada, a establecerse se en este momento, como unha verdadeira obriga principalmente dos estados. Este xiro conceptual, débese en parte ao desenvolvemento que tivo a rama doutrinal dos dereitos humanos, que comezaron a concibirse, non so como límites ou prerrogativas fronte ao poder político, senón tamén fronte aos particulares, exemplo de isto é o artigo 2 da Declaración, que fai referencia a violencia permitida polo estado (letra c) e tamén, a exercida dentro da familia (letra a) e pola comunidade en xeral (letra b).

O texto da Resolución 54/134 da Asemblea Xeral que establece a Declaración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, fai referencia a diversos instrumentos de dereito internacional, tanto das Nacións Unidas como da Organización de Estados Americanos, mas remítese de forma expresa ao artigo 1 da Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, polo tanto, esa e non outra definición, ou outra conceptualización da violencia é a que se evidencia o 25 de novembro de cada ano.

¹⁷ Tradución desde o español realizada pola autora, a versión orixinal pode consultarse na Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, Resolución da Asemblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993, accesíbel en liña en <http://www1.umn.edu/humanrts/instree/spanish/Se4devw.htm>

¹⁸ *Ibidem*.

¹⁹ *Ibidem*.

III. Cinco críticas ao concepto de violencia contra a muller para seguirmos avanzando.

- (1) **Non existe seguridade xurídica en cuanto ao suxeito a protexer**, cada país implementa a regulación internacional da forma que estima máis oportuna, sendo a liña xeral una redución na protección. A regulación internacional e pouco precisa e non define o suxeito de muller a protexer, a partir de que anos unha nena é muller? Cando unha nena é asasinada por o seu pai é contabilizada? E se é neno? Se é travestí? Ou traballadora sexual? Dependendo de quen interprete a regulación estarían estas vítimas contabilizadas ou non.

No caso español, o lexislador reproduce este modelo de regulación construído sobre a base dos suxeito que queremos protexer e condenar. Este modelo recollese na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (en diante Lei de Violencia de Xénero), que reproduce no seu artigo primeiro o seguinte,

Artículo 1. Obxecto da Lei²⁰.

1. A presente Lei ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as **mulleres**, son exercidas sobre estas por parte de quen son ou foran cónxuxes ou de quen están ou tiñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.
 2. Por esta lei establécense medidas de protección integral cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia as súas vítimas.
 3. A violencia de xénero a que se refire a presente Lei comprende todo acto de violencia física, psicolóxica, incluídas as agresións a liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.
- (2) **O concepto de muller das Nacións Unidas refírese a muller occidental, branca e heterosexual**, invisibilizando e non tomando en conta a diversidade de mulleres que existen. Isto evidencia unha orientación eurocéntrica, que é discriminatoria con as mulleres de outras étnicas e un sesgo heteronormativo e patriarcal que discrimina as diversidades sexuais e de xénero. Polo tanto o uso da “muller” en singular está reducindo e baleirando de contido o suxeito do feminismo e dos dereitos humanos, limitando a extensión e aplicación da cobertura deste dereitos.
- (3) **A terminoloxía empregada minimiza e invisibiliza o problema**. Ao referirse unicamente a violencia que sofre *a muller*, non se teñen en conta todas as persoas que sofren violencia machista, nin tampouco se ten en conta o numero de persoas que a exerce. Producíndose unha redución estatística, non real da violencia. As normas estatais que se aproban en cumprimento dos compromisos internacionais céntranse na violencia machista que é exercida por homes sobre mulleres. A maiores, moitos estados, unicamente se fan eco de esta violencia no ámbito das relacións afectivo-sexuais, como consecuencia de que a lexislación internacional, novamente é vaga. En este sentido na lexislación comparada existen países que sancionan como “violencia contra a muller” as agresións que se

²⁰ Tradución desde o español realizada pola autora da autora, a versión orixinal da Lei de Violencia de Xénero, de pode consultarse no BOE nº 313 de 29 de decembro de 2014, accesíbel en liña en <https://www.boe.es/boe/dias/2004/12/29/pdfs/A42166-42197.pdf>

producen exista ou no convivencia, este sería o caso de España, poren Chile²¹ por exemplo, presenta unha regulación que so contempla legalmente medidas de protección, ou se contabiliza como femicidio se a muller morta forma parte de unha parella con convivencia.

- (4) **A regulación en torno a suxeitos, non recolle a dimensión real do problema**, nin a dimensión estrutural da violencia machista.

IV. Conclusión.

Do exposto podemos concluír, que a regulación ou condena dunha violencia en base ao suxeito que a recibe non é a formula mais idónea para combater a violencia machista, e isto porque o machismo ao igual que o racismo funciona como unha ideoloxía un motivo que consciente ou inconscientemente acciona modos de conduta discriminatorios por razón de xénero, e estas formas de discriminación e violencia poden ser exercidas por calquera persoa, non so o home heterosexuais sobre a súa parella muller, senón que tamén poden ser vítimas as crianzas de esa familia, ou os colectivos de diversidade de xéneros e orientacións sexuais, que tamén **sofren e reproducen** esta violencia. En este sentido é de vital importancia establecer conceptos idóneos que non permitan aos diferentes gobernos manipularlos ou baleiralos de contido, como exemplo de isto, quero destacar o traballo realizado por a Red Feminista²², (nome que recibe a web estatal española de Organizacións Feministas) que entre outros traballos realiza unha sistematización dos datos elaborando estatísticas das vítimas mortais dentro do territorio do estado español. O concepto que manexa Red Feminista é o mesmo que as Nacións Unidas, é dicir, *violencia contra a muller*, -que como xa indicamos non nos parece idóneo- aínda así, seguindo este criterio para o período 2006 a 2013, contabiliza un total de 858 persoas mortas (inclúe crianzas e traballadoras sexuais así como diversidade de xénero), para o mesmo período os datos oficiais, construídos en base ao concepto de *violencia de xénero*, so recollen 486 vítimas mortais, eliminando do computo a 370 persoas mortas por violencia machista. Temos que preguntarnos porque as decisións gobernantais teñen como obxectivo invisibilizar e non erradicar a violencia machista? Será que o machismo é fundamental no mantemento de un sistema patriarcal e este a súa vez e o sustento ideal de un modelo económico de capitalismo globalizado?

En este contexto faise necesario deixar de falar de violencia contra a muller, e comezar a falar de **violencia machista**, visibilizando e poñendo nome a esta ideoloxía que tortura e mata a millóns en todo o mundo, está e a miña proposta²³.

²¹ Lei Nº 20.066, de 7 de outubro de 2005, que establece la Lei de Violencia Intrafamiliar, onde é incorporado o delito de maltrato habitual no artículo 14; e a Lei Nº 20.480, de 18 de decembro de 2010, que modifica o Código Penal e a Lei Nº 20.066, sobre Violencia Intrafamiliar, establecendo el “femicidio”, aumentando as penas aplicables a este delito e reforma as normas sobre parricidio

²² A información é accesíbel en liña en <http://www.redfeminista.org/searchnoticias.asp?id=muertas2013>

²³ desde os movementos feministas, de dereitos humanos e desde os medios de comunicación, vense renomeando o 25 de novembro. Algunhas das propostas que podemos atopar son as seguintes: Día Internacional contra a violencia cara as mulleres e as nenas (Canal de youtube MQLTV, accesíbel en liña en <https://www.youtube.com/watch?v=tT6p7iDITOG>; Día contra a violencia machista (canal de televisión La sexta) ou Día Internacional contra o terrorismo machista (Formula utilizada pola organización política Nós Unidade Popular)

V. Bibliografía

- Escobar Rivera, C., & Jarpa Silva, V. (2013). El nuevo delito de femicidio en Chile. (Departamento de Ciencias Penales, Facultad de Derecho, & Universidad de Chile, Edits.) Santiago, Chile. Recuperado el 26 de octubre de 2014, de <http://tesis.uchile.cl/handle/2250/116225>.
- G. Luna, L. (2002). Entre discursos y significados. Apuntes sobre el discurso feminista en América Latina. *La manzana de la discordia* (4), 85-98.
- Galindo, M. (2014). *Feminismo urgente ¡a despatriarcar!* (Segunda edición ed.). Argentina: Lavaca.
- Gamba, S. (21 de 11 de 2014). *agendadelasmujeres.com.ar*. Recuperado el 21 de 11 de 2014, de <http://agendadelasmujeres.com.ar/notadesplegada.php?id=795>
- Guevara Osorio, S. (2013). ¿Por qué aún la violencia de género? Una respuesta conceptual a la persecución contra quienes no caben en las categorías "hombre" o "mujer". *La manzana de la discordia*, 8, 55-65.
- Kantor, M. (2003). Cuerpos queer/Queer Bodies: una propuesta discursiva para un "mundo de vida" queer en Quito, Ecuador. *UASB-Digital* (<http://hdl.handle.net/10644/2454>). Quito, Ecuador: Universidad Andina Simón Bolívar (Tesis de Maestría).
- Mackinnon, C. (2006). *Are women human? and other international dialogues*. Belknap: Harvard.
- Miquel Acosta, C. (septiembre de 2009). Claves feministas sobre la incorporación del Derecho Internacional de los derechos humanos de las mujeres en España. Madrid, España: Instituto Universitario de Estudios de la Mujer. Facultad de Filosofía y Letras. Universidad Autónoma de Madrid.
- Palacios Zuloaga, P. (2011). *El tratamiento de la violencia de género en la organización de Naciones Unidas*. (A. Trabucco Zerán, Ed.) Santiago de Chile: Universidad de Chile, Facultad de Derecho, Centro de Derechos Humanos.